



**Proceso selectivo para o ingreso como persoal
laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos
Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.**

Categoría: Axudante/a de realización

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- Segundo o artigo 14 da Constitución Española de 1978:

- a) Os españois son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Os residentes en España son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, estado civil ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2.- O artigo 17.4 da Constitución Española de 1978 establece que a lei regulará un procedemento de "habeas corpus" para:

- a) Determinar o prazo máximo de duración da prisión provisional.
- b) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida legalmente.
- c) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente.
- d) Informar ao detido de forma inmediata e de xeito que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención.

3.- Segundo o artigo 20.5 da Constitución Española de 1978, só se poderá acordar o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios en virtude de:

- a) Resolución xudicial.
- b) Lei.
- c) Motivos de orde público.
- d) Autorización parlamentaria.

4.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, NON constitúe unha competencia exclusiva da comunidade autónoma a seguinte materia:

- a) Organización das súas institucións de autogoberno.
- b) A artesanía.
- c) Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións de Dereito civil galego.
- d) Salvamento marítimo.

5.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de:

- a) A promoción e a ensinanza de todas as linguas oficiais do Estado.
- b) A promoción e a ensinanza da lingua galega.
- c) A pesca nas rías e augas exteriores.
- d) Portos, aeroportos e heliportos cualificados de interese xeral polo Estado.

6.- No artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, establécese que no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución:

- a) Sobre produtos farmacéuticos.
- b) Dos valores culturais do pobo galego.
- c) Sobre propiedade industrial e intelectual.
- d) Do réxime de prensa e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

7.- Segundo o artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, defínese como:

- a) Abuso sexual.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por razón de sexo.
- d) Abuso por razón de sexo.

8.- Segundo o artigo 14 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, nos nomeamentos de altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das persoas titulares e membros de órganos de entidades integrantes do sector público autonómico, atenderase ao principio de:

- a) Presenza equilibrada.
- b) Presenza proporcional.
- c) Presenza moderada.
- d) Presenza por cotas.

9.- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, relativo ao uso non sexista da linguaxe, a visibilización do feminino terá en conta, cando proceda, a situación particular das mulleres afectadas por:

- a) Discriminación múltiple ou intersectorial.
- b) Discriminación sexista polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación sexista por asociación.
- d) Discriminación sexista por maternidade.

10.- Segundo o artigo 1.1 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, esta lei ten por obxecto:

- a) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, autonómico, local e provincial. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- b) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- c) Regular a prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma pero non a comunicación audiovisual de ámbito estatal.
- d) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, así como establecer determinadas normas aplicables á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.

11.- Segundo o artigo 8 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, a comunicación audiovisual:

- a) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- b) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- c) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e de forma subsidiaria o coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas.
- d) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, do idioma inglés e tamén das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.

12.- Segundo o artigo 19 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a aprobación e as modificacións dos estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia correspóndelle:

- a) Ao consello de administración, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á xunta xeral da sociedade, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Á dirección xeral, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- d) Ao comité de dirección, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.

13.- Segundo o artigo 35 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a duración do mandato da persoa titular da Dirección Xeral é de:

- a) Catro anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.
- b) Catro anos, contados desde o seu nomeamento, e non ten carácter renovable.
- c) Cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.
- d) Cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e non ten carácter renovable.

14.- Segundo o artigo 48 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é aprobado:

- a) Polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Pola dirección xeral.
- c) Polo consello de administración.
- d) Polo Parlamento de Galicia.

15.- Segundo o artigo 49 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o contrato plurianual de xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia subscribirase por un período de:

- a) 3 anos.
- b) 4 anos.
- c) 5 anos.
- d) 6 anos.

16.- Segundo o artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a indemnización por extinción do contrato de traballo por causas obxectivas é de:

- a) Vinte días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de seis mensualidades.
- b) Vinte días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades.
- c) Trinta e tres días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades.
- d) Doce días por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de seis mensualidades.

17.- Segundo o artigo 66 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal é o número de membros do comité de empresa dun centro de traballo con duascentas persoas traballadoras?:

- a) 5
- b) 7
- c) 9
- d) 13

18.- Segundo o artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración do mandato dos delegados de persoal e dos membros do comité de empresa é de:

- a) 2 anos.
- b) 3 anos.
- c) 4 anos.
- d) 5 anos.

19.- Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cal dos seguintes NON é un principio da acción preventiva?:

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- b) Combater os riscos na súa orixe.
- c) Ter en conta a evolución da técnica.
- d) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.

20.- Segundo o artigo 28 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, nas relacións de traballo a través de Empresas de Traballo Temporal, quen é a empresa responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?

- a) A empresa usuaria.
- b) A empresa de traballo temporal.
- c) O Comité de Empresa da empresa de traballo temporal.
- d) O Comité de Empresa da empresa usuaria.

21.- Segundo o artigo 11 do Convenio Colectivo da CSAG, cal das seguintes NON é unha función da comisión paritaria de vixilancia e interpretación do convenio colectivo?:

- a) Negociar novos artigos do convenio colectivo que non estean previstos no texto vixente.
- b) Interpretar o convenio, co fin de resolver as consultas que ás partes lle formule o Comité de empresa, a Dirección ou calquera persoa traballadora.
- c) Vixiar a aplicación do convenio colectivo.
- d) Mediar nos conflitos individuais ou colectivos entre as partes cando o pida calquera dos/as interesados/as no conflito en materias propias da comisión paritaria.

22.- Segundo o artigo 38 do Convenio Colectivo da CSAG, cantas horas de descanso ininterrompidas deberán transcorrer entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte?:

- a) 8
- b) 9
- c) 10
- d) 12

23.- Segundo o artigo 66 do Convenio Colectivo da CSAG, o complemento de quebra de moeda retribúe:

- a) Ao persoal que preste os seus servizos no departamento económico e de contabilidade.
- b) Ao persoal que pola súa función manexe habitualmente fondos en metálico da CSAG.
- c) Ao persoal que pola súa función traballe en festivos e/ou en días de libranza.
- d) Ao persoal que pola súa función conduza vehículos da empresa.

24.- Segundo o artigo 95 do Convenio Colectivo da CSAG, referente ao réxime disciplinario, as faltas graves cometidas polas persoas traballadoras prescriben aos:

- a) 20 días hábiles.
- b) 20 días naturais.
- c) 30 días naturais.
- d) 30 días hábiles.

25.- Que é unha secuencia?

- a) É unha unidade espazo-temporal nunha obra audiovisual.
- b) É a unidade mínima audiovisual formada por un só plano.
- c) É un plano audiovisual que narra unha historia sen edición.
- d) É a orde na que se organizan os elementos nunha escaleta.

26.- Que pode modificar unha cor de fondo nun plató/escenario?

- a) O encadramento da cámara principal.
- b) O tamaño das persoas que participan no programa.
- c) Nada, é un elemento decorativo máis do plató/escenario.
- d) A cor aparente dun obxecto en primeiro plano.

27.- Cando é máis probable que un plano se desafore?

- a) Cando a cámara está gravando con ángulos oblicuos nun decorado de pouca profundidade.
- b) Cando os paneis dun decorado son demasiado altos.
- c) Cando a cámara está nun eixe central respecto do protagonista.
- d) Cando se fai un plano cenital nunha superficie mal iluminada.

28.- O desagregamento do guión serve para:

- a) Negociar os dereitos de emisión.
- b) Gravar sen continuidade.
- c) Organizar as secuencias dun guión.
- d) Mellorar as tramas do proxecto audiovisual.

29.- Que función ten unha trama espello nun guión de ficción?

- a) É a forma coloquial de denominar o mapa de tramas.
- b) Formula nunha personaxe secundaria un conflito similar ao do protagonista.
- c) Desenvolver unha mesma historia ao longo de varios capítulos.
- d) Aumentar a carga dramática das personaxes secundarios.

30.- Que función desempeña o/a director/a de fotografía nunha produción audiovisual?

- a) É a persoa que ten o control global da iluminación e do uso creativo da cámara.
- b) É a persoa responsable da fotografía fixa das rodaxes.
- c) É o/a director/a axudante/a da produción.
- d) É a persoa encargada de supervisar os decorados.

31.- Que di o principio da trivariación visual aplicada á cor?

- a) O ollo humano necesita o ton, a luminosidade e a saturación para percibir e reproducir calquera cor.
- b) Non é posible lograr todas as cores percibidas sen a presenza da cor negra.
- c) A cor branca pódese conseguir mesturando axeitadamente as cores cian, magenta e amarela.
- d) Todas as cores se poden formar a partir da combinación de vermello, verde e cian.

32.- Cal é a resolución máis habitual do formato UHD?

- a) 1920x1080 píxeles.
- b) 1290x720 píxeles.
- c) 3840x2160 píxeles.
- d) 2048x1080 píxeles.

33.- Que é o .MXF?

- a) Un formato contedor estándar da industria audiovisual.
- b) Un códec de compresión estándar na industria audiovisual.
- c) Un códec de emisión.
- d) Siglas en inglés da aplicación VLC.

34.- O estándar de emisión de TDT en España é:

- a) H.266
- b) DVB-T / DVB-T2
- c) DVB-i
- d) MPEG-3 AVT

35.- Que é o bitrate?

- a) A cantidade de información que ocupa un arquivo audiovisual.
- b) A cantidade de datos dixitais que se procesan por unidade de tempo.
- c) O número de segundos que dura o arquivo.
- d) O sistema de compresión de audio.

36.- Como se chama o múltiplex autonómico que opera en Galicia?

- a) MAUTL-Gal
- b) Retegal
- c) MUX-Gal
- d) MAUT-Gal

37.- Cal é a relación de aspecto do sistema TDT para UHD en Galicia?

- a) 16/9
- b) 4/3
- c) 21/9
- d) 21/3

38.- Que é a luminancia?

- a) É a suma do 40 % do sinal da canle cian, 15 % da maxenta, 15 % da amarela e 30 % da negra.
- b) É a suma do 50 % do sinal da canle branca e 50 % da canle negra.
- c) É a suma do 30 % do sinal da canle vermella, o 59 % da verde e o 11% da azul.
- d) É a suma equivalente ao parámetro #FF0000 do sistema HEX.

39.- Unha mestura de imaxes en movemento é satisfactoria habitualmente:

- a) Cando a dirección do movemento é a mesma.
- b) Cando a dirección do movemento é distinta.
- c) Cando existe un diálogo que garanta a continuidade narrativa.
- d) Cando vai acompañada dun grafismo.

40.- Que é o raccord na narrativa audiovisual?

- a) Un tipo de plano secuencia que elimina os cortes entre escenas.
- b) A relación de continuidade entre un plano e os seus adxacentes.
- c) Un movemento de cámara que segue a acción dun personaxe.
- d) A ruptura intencionada do eixe de acción para desorientar ao/á espectador/a.

41.- Que di a lei dos 30 graos?

- a) Débese respectar un ángulo de 30 graos entre plano e plano.
- b) Unha panorámica non debe exceder os 30 graos a partir do centro do seu eixe.
- c) O contrapicado debe ser inferior aos 30 graos respecto do eixe central da persoa.
- d) O desprazamento dunha cámara a un punto de vista contiguo non se xustifica se é menor de 30 graos.

42.- Que di a lei do semicírculo na narración audiovisual?

- a) O efecto artístico alfa pode provocar caos emocional.
- b) A alternancia de puntos de vista nun espazo semicircular xera unha menor fluidez narrativa.
- c) O límite dunha panorámica son 180 graos, é dicir, un semicírculo.
- d) Débese delimitar o eixe de acción cun semicírculo nun dos seus laterais para non provocar un salto de eixe.

43.- A teoría das angulacións correspondentes di que:

- a) A correspondencia entre os ángulos xerados entre as cámaras e o eixe debe ter unha relación de 1 a 3.
- b) A angulación de cada foco de iluminación non debe corresponderse coa perpendicular da contraluz central.
- c) Nun diálogo entre dous personaxes gravado en dúas tomas, a localización da cámara en ambas as tomas debe formar un ángulo igual ou correspondente co eixe.
- d) A inclinación dunha cámara nun contrapicado non pode ser inferior a 30 graos.

44.- Cal é a función principal do “raccord de mirada”?

- a) Manter a mesma iluminación en todos os planos dunha escena.
- b) Asegurar que un personaxe mire directamente á cámara en todo momento.
- c) Mostrar primeiro un personaxe mirando cara a algo e, no plano seguinte, o obxecto da súa mirada, mantendo a dirección.
- d) Mostrar primeiro un personaxe mirando cara a algo e, no plano seguinte, xerar un plano recurso.

45.- Que é un plano nadir?

- a) É o plano inventado no estilo Dogma-95.
- b) A cámara está situada debaixo do suxeito e encadra verticalmente cara arriba.
- c) A cámara está situada enriba do suxeito e encadra verticalmente cara abaixo.
- d) A cámara está situada por enriba da mirada do personaxe.

46.- Cando se produce unha elipse indefinida?

- a) Cando interesa deixar claro un lapso de tempo na narración audiovisual.
- b) Cando o retroceso temporal non se define de forma concreta.
- c) Cando o tempo elidido non é relevante desde o punto de vista narrativo.
- d) Cando o avance temporal é superior a 10 anos.

47.- Cal é o principio da teoría da Gestalt aplicado á imaxe en movemento?

- a) O todo é máis que a suma das partes.
- b) A percepción humana é a suma dos datos sensoriais.
- c) A percepción humana non implica un proceso de reestruturación da imaxe.
- d) A imaxe en movemento é a unión da forma, figura e configuración.

48.- Que é a gravación por cobertura da acción?

- a) É a gravación dos acontecementos nos que se produce unha actividade deportiva.
- b) É a gravación de seguridade que debe realizarse nun programa de plató.
- c) É a gravación de forma continua, desde un punto de vista, dunha determinada acción.
- d) É a gravación multicámara que garante a cobertura visual de todo o acontecemento.

49.- A que afecta a distancia focal?

- a) Ao sensor de captación de movemento da cámara.
- b) Ao tamaño da escena dentro do plano.
- c) Só afecta ao enfoque.
- d) Aos axustes de colorimetría.

50.- Que obxectivo reduce a importancia do enfoque?

- a) O teleobxectivo.
- b) Un obxectivo entre 20 e 25 graos.
- c) Un gran angular.
- d) O enfoque non ten relación co obxectivo.

51.- Que é o movemento paraláctico?

- a) O movemento en forma de parábola que realiza a cámara nunha panorámica vertical.
- b) O movemento de cámara nunha retransmisión dunha competición con obxectos a gran velocidade (automobilismo, ciclismo...).
- c) O efecto que se produce na montaxe de dúas secuencias consecutivas gravadas con travelling.
- d) O efecto producido a medida que cambian as posicións relativas dos obxectos no plano.

52.- Que é a profundidade de campo?

- a) É o rango de distancias nas que un obxecto está ben definido nun plano.
- b) É un sinónimo da profundidade de foco.
- c) É a tolerancia do plano focal.
- d) É o espazo que está entre o obxectivo e o obxecto.

53.- Que ocorre cando nun diafragma se pasa de $f/8$ a $f/4$?

- a) A luminosidade da imaxe redúcese $1/4$.
- b) A luminosidade da imaxe cuadriplícase.
- c) A variación é moi pequena e non é percibida polo ollo humano.
- d) Segundo o sistema CCD da cámara, aumenta ou redúcese a luminosidade da imaxe.

54.- Que se debe utilizar para reducir a luminosidade global?

- a) Un filtro de densidade alta.
- b) Un filtro de cor azul.
- c) Un filtro de densidade neutra.
- d) Un filtro de cor amarela.

55.- Cal destes elementos NON é un fundamento práctico da iluminación?

- a) Intensidade.
- b) Temperatura de cor.
- c) Dispersión da luz.
- d) Fonte de luz.

56.- Que tipo de iluminación provoca sombras máis definidas?

- a) Luz difusa.
- b) Luz dura.
- c) Luz a 3.200K.
- d) Luz superior a 7.500K.

57.- Que ocorre cando se aplica unha luz en ángulo agudo sobre unha superficie?

- a) Resaltarase calquera irregularidade ou textura.
- b) Igualarase a iluminación.
- c) O ángulo da luz non afecta neste caso.
- d) Disimularase calquera irregularidade ou textura.

58.- Que tipo de iluminación é pésima para os retratos?

- a) Luz de contorno.
- b) Luz cenital.
- c) Luz de cámara.
- d) Luz de ollos.

59.- Que ocorre cando a iluminación frontal é excesivamente débil?

- a) A imaxe de dúas dimensións perde consistencia.
- b) Os tons escuros quedan sobreexpostos.
- c) Os tons escuros quedan subexpostos.
- d) Resáltase a tonalidade da pel.

60.- Cando se producen os efectos “notan” de iluminación?

- a) A partir dunha clave de luz alta, ausencia de luz moldeadora, pouca contraluz e extensa luz difusa.
- b) A partir dunha clave de luz baixa, exceso de luz moldeadora, moita contraluz e pouca luz difusa.
- c) A partir dunha clave de luz alta, exceso de luz moldeadora, suficiente contraluz e extensa luz difusa.
- d) A partir dunha clave de luz alta, ausencia de luz moldeadora, elevada contraluz e escasa luz difusa.

61.- Cando se produce o efecto de “sombras múltiples”?

- a) Cando a cámara e o proxector de luz non están en liña.
- b) Cando se combinan varios proxectores de luz para iluminar o mesmo suxeito.
- c) Cando a inclinación do ángulo do proxector produce unha distorsión.
- d) Cando as luces xiran impedindo que as sombras se entrelacen.

62.- Con respecto á iluminación, obtense unha mellor calidade da imaxe cando:

- a) Se concentra a luz dura nun punto concreto.
- b) Se utiliza unha iluminación de 5 puntos.
- c) Se combinan focos con diferentes temperaturas de cor.
- d) A área do plató repártese nunha serie de puntos localizados de iluminación.

63.- Que é a frecuencia do son?

- a) O desprazamento en tempo relativo entre dous sons.
- b) A distancia entre dúas ondas senoidais.
- c) O número de vibracións completas que o son realiza por segundo.
- d) A distancia percorrida pola onda sonora cando completa un ciclo.

64.- Que miden os dB SPL?

- a) A presión sonora.
- b) A frecuencia de onda.
- c) A potencia eléctrica dun altofalante.
- d) A distancia de captación de son dun micrófono.

65.- Cando a marxe de volume dun sistema de son é demasiado alta:

- a) Prodúcese unha sobreintensificación.
- b) Prodúcese unha sobremodulación.
- c) Prodúcese unha rotura da etapa de potencia.
- d) Prodúcese un aumento dos sons máis agudos.

66.- Que indica un picómetro?

- a) A distancia entre o micrófono e a fonte sonora.
- b) O número de sensores de captación de audio que ten un micrófono.
- c) A intensidade dun son.
- d) Os picos do sinal de son.

67.- Que son os sons subxectivos nunha obra audiovisual?

- a) Os efectos sonoros que coloca discrecionalmente o/a director/a da obra audiovisual.
- b) Os que apoian unha situación emocional da trama ou dos personaxes.
- c) Os sons gravados directamente no plató.
- d) Os sons remasterizados nun estudo de posprodución.

68.- Os planos sonoros dependen de:

- a) Se o micrófono se sitúa nun plano horizontal ou vertical.
- b) A sensibilidade do micrófono utilizado.
- c) A frecuencia do son gravado.
- d) A distancia entre a fonte sonora e o micrófono.

69.- A música diexética é:

- a) A que adquire o protagonismo esencial da acción asociada á imaxe.
- b) A que crea un ambiente emocional.
- c) A que nos fai evocar unha situación real concreta.
- d) A que subliña o carácter expresivo da imaxe.

70.- Que é un micrófono cardioide?

- a) Un micrófono unidireccional cun diagrama polar en forma de corazón.
- b) Un micrófono bidireccional cun diagrama polar de oito ángulos
- c) Un micrófono omnidireccional de alta sensibilidade.
- d) Un micrófono de garabata.

71.- En que se basean as claves (Key) de luminancia?

- a) No sistema RGB.
- b) No sistema CMYK.
- c) No sistema HEX.
- d) Nas diferenzas de contraste.

72.- Cal é o sistema de coordenadas dun efecto 3d nunha imaxe en movemento?

- a) x, y, z
- b) x, y, y'
- c) x, y, α
- d) x, y, z, α

73.- Cales son as cores máis desaconselladas para un chroma key?

- a) Verde e azul claros.
- b) Vermello e negro.
- c) Verde e azul escuros.
- d) Non hai ningunha cor desaconsellada.

74.- Que significa a saída de sinal dixital Y/C?

- a) Luminancia e crominancia.
- b) Amarelo e cian.
- c) Sinal conmutado.
- d) Non é un sinal dixital.

75.- Cal é o estándar de sincronización nos sistemas de alta definición?

- a) Tri-level
- b) Black Burst
- c) AC/DC
- d) Genlock

76.- A través de que transmite unha DSNG?

- a) Satélite e/ou repetidores.
- b) Só satélite.
- c) Só repetidores.
- d) Por telefonía móbil.

77.- Nunha retransmisión deportiva cunha soa cámara desde un lugar sen cobertura de telefonía móbil nin de fibra óptica, poderíamos utilizar unha mochila DMNG para enviar o sinal?

- a) Nunca se fai unha retransmisión cunha soa cámara.
- b) Non.
- c) Si.
- d) Só poderíamos utilizar unha mochila LiveU-X.

78.- Nunha retransmisión dunha actividade deportiva, é recomendable colocar cámaras en extremos opostos do terreo de xogo?

- a) Si, é o máis recomendable.
- b) Non, é unha práctica errónea.
- c) Só en campos de xogo no exterior.
- d) Só as cámaras illadas, pero non as principais.

79.- Cal é o códec estándar para crear un arquivo audiovisual que se queira emitir en streaming?

- a) H.264/H.265
- b) AAC
- c) VVD/ACC
- d) VLC

80.- Cal é a plataforma tecnolóxica que transcodifica e permite a emisión de vídeo por streaming?

- a) CDN
- b) OVP
- c) Netflix
- d) OTT

PREGUNTAS DE RESERVA

(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPONSTAS DO NÚMERO 141 AO 144)

R1.- Segundo o artigo 97 do Convenio Colectivo da CSAG, a empresa contará cun servizo de prevención propio coas especialidades, como mínimo, de:

- a) Medicina do traballo e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- b) Hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- c) Seguridade e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- d) Seguridade e ergonómia e psicosocioloxía, sen prexuízo da contratación allea.

R2.- Cal destes formatos é o recomendado para publicar un vídeo na plataforma YouTube?

- a) MPEG-4 co códec de vídeo H.265 e o códec de audio FLAC.
- b) MPEG-2 co códec de vídeo XAVC Long GOP 50 e o códec de audio PCM.
- c) MPEG-4 co códec de vídeo H.264 e o códec de audio AAC.
- d) MPEG-4, co códec de vídeo MPEG HD422 e o códec de audio AAC.

R3.- Que diferenza fundamental existe entre un Snapshot e un Timeline nun mesturador de vídeo?

- a) O Snapshot almacena só transicións de audio; o Timeline só de vídeo.
- b) O Snapshot garda un estado estático do panel, mentres que o Timeline permite traballar con secuencias temporais de eventos.
- c) O Snapshot é un efecto DVE; o Timeline é unha macro.
- d) Non hai diferenza, son sinónimos.

R4.-A que se refiren os parámetros (EBU R128): -23.0 LUFS +- 0,5LU?

- a) Ao encapsulado de vídeo nun arquivo audiovisual.
- b) Ao nivel de sonoridade dun arquivo audiovisual.
- c) Á ratio de compresión dun arquivo audiovisual.
- d) Á luminancia dun foco de plató.